

A GRAN CLÍNICA VETERINARIA DE LUGO (1905-1909)

DIEGO CONDE GÓMEZ. HISTORIA VETERINARIA GALEGA (HISVEGA) historiaveterinariagallega@yahoo.es

A finais do ano 1902, Juan Rof Codina volve a Galicia, residindo aquí -agás nos anos da República, o período da guerra civil e os primeiros tempos do franquismo- ata o seu pasamento no ano 1967. Ao seu regreso a Lugo, compaxina a súa excedencia no Exército coa clínica libre.



Rof Codina funda un consultorio clínico, no que anunciaba as vacinas preventivas contra o carbuncho, o mal rubio dos porcos e outras doenzas. Estes traballos culminan co establecemento, en 1905, da Gran Clínica Veterinaria en compañía do seu cuñado Jesús, que acababa de rematar a carreira de Veterinaria na Escola de Santiago de Compostela.

Esta Gran Clínica Veterinaria foi a primeira que se estableceu en España, no mesmo local no que o sogro de Rof, Ramón Carballo, e o seu cuñado, José, tiñan o obradoiro da ferrería. Estaba situado na Ronda da Coruña 6, ao lado da Porta da Estación. Empezou a funcionar en abril do 1905¹. Foi aquela clínica modelo indispensable para o desenvolvemento da actividade de Juan Rof.

Desde os primeiros días do seu establecemento en Lugo, a idea de Rof era establecer unhas bases no desenvolvemento do campo, a gandería e a veterinaria en Galicia.

O atraso que sufría a gandería galega viña de lonxe, tanto desde o punto de vista zoo-

Desde os primeiros días do seu establecemento en Lugo, a idea de Rof era establecer unhas bases no desenvolvemento do campo, a gandería e a veterinaria en Galicia



técnico coma do sanitario, xa que non se coñecían os máis elementais métodos de mellora animal nin as enfermidades polas súas características científicas. Tampouco se facían diagnósticos precisos, nin se aplicaban os tratamentos terapéuticos axeitados, nin se podían controlar as pragas do gando. Neste senso, os estragos e as perdas que causaban as enfermidades na gandería eran enormes.



Rof Codina, conxuntamente co seu cuñado Jesús Carballo, ofrece uns amplos servizos. Entre eles, visitas a domicilio e consultas, operacións cirúrxicas, hospital para cabalos, obradoiros de ferrado e forxa, soroterapia e vacinación, información zootécnica... Mesmo realizan análises e inspección de substancias alimenticias. A Gran Clínica Veterinaria publícase a través dun boletín no que se describen as diferentes actividades que realiza.

A clínica dispuña dunha ampla sala de operacións que o boletín describe como dotada de luz, capacidade e ventilación suficientes e

cos medios de limpeza e desinfección aconsellados. Neste senso, comenta que non se trata dunha sala "das perfeccionadas" que se empregan en Francia ou Alemaña, pero que conta coas condicións desexadas para as súas necesidades. Cómpre sinalar que os animais operados asegurábanse mediante unha prima convencional, o cal distaba das practicas habituais nos ferradores e sanadores.



¹A maioría dos autores (Fernández Prieto, Ruiz Martínez) datan a súa creación en 1906. Nembargantes, no número 8 da Gaceta de Medicina Zoolóxica, publicado o 15 de abril de 1905, faise mención á chegada dun prospecto á redacción da revista anunciando a creación da devandita clínica por Rof e Jesús Carballo.



A clínica de Rof Codina ofrecía visitas a domicilio e consultas, operacións cirúrxicas, hospital para cabalos, obradoiros de ferrado e forxa, soroterapia e vacinación, información zootécnica...

Na corte-hospital ofrecíanse servizos de coitado para gando, garantíndose unha observación e coitado permanentes, así como o tratamento e prescrición axeitados. O obradoiro de forxa e ferrado dispuña alomenos de dous operarios, os cales, baixo a dirección veterinaria, realizaban diferentes sistemas de ferrado (inglés, francés ou español). Neste senso, Rof apartase da ferrocraia á que estaba xunguida a veterinaria, do mesmo xeito que Gordón Ordas opta por encamiñar a profesión aos aspectos máis científicos, desprazando o ferrado a un mero control e supervisión do mesmo. Ademais, na clínica ofrecíanse diferentes modelos de ferraduras que estaban á venda tanto para outros veterinarios coma para os gandeiros.

Os servizos de soroterapia e vacinación son os que máis transcenden da actividade da clínica. Conseguen a representación das vacinas e soros do Instituto Pasteur de París para Galicia e Asturias. Deste xeito, dispoñen de soro antidiftérico e antiestreptocócico, de maleína e tuberculina, de vacinas para a nacida, o mal rubio dos porcos, a cólera das galiñas, o virus Danisz das ratas e toupas e a varíola ovina.

É neste momento cando a clínica inicia as campañas masivas de vacinación, sobre todo contra a nacida (carbuncho bacteridiano), o mal rubio dos porcos e o mal do sangue dos mulares. Foron dos primeiros en realizar vaci-

nacións masivas en Galicia. Anos máis tarde, sendo xa inspector de Sanidade Pecuaria de Ourense, Xesús Prado Lameiro faría o mesmo nas comarcas do Ribeiro e de Ourense.

A clínica ofrece tamén información de tipo zootécnico. Así, expón no seu boletín que se ven obrigados a crear este servizo debido ao crecente desenvolvemento da gandería, a importancia dos coñecementos veterinarios para o fomento da industria pecuaria e a necesidade dos propietarios de buscar consello nos técnicos para emprender calquera mellora e a intervención directa da clínica nos traballos que se realizan na Estación Pecuaria de Vila Cándida, establecida en Goián (Pantón). Este servizo tiña por obxecto resolver cantas consultas recibían na clínica sobre alimentación do gando, deseño das cortes, elección de razas que se puideran aclimatar a Galicia, adquisición de exemplares seleccionados, identificación animal, aparellos das

granxas, métodos de explotación das distintas industrias rurais, mercados e feiras onde se podían adquirir reses e vender produtos, xeitos de organizar as sociedades de seguro do gando, sindicatos agrícolas, cooperativas de produción e consumo, caixas rurais, concursos de gando, libros xenealóxicos e todo canto en relación coa gandería puidera contribuir ao seu fomento e mellora.

En canto á inspección de substancias alimenticias, o Boletín da Gran Clínica cita o Real Decreto do 22 de decembro de 1908, o cal dispón que a inspección de carnes, peixe, leite, queixo, manteigas, verdura... incumbelle ao veterinario municipal, e que en caso de disconformidade dos interesados nomearíanse peritos segundos ou terceiros que terían que resolver as dúbidas xurdidas. Neste senso, a Gran Clínica ofrecería servizos de peritaxe veterinaria.

O atraso que sufría a gandería galega viña de lonxe, tanto desde o punto de vista zootécnico coma do sanitario, xa que non se coñecían os máis elementais métodos de mellora animal nin as enfermidades polas súas características científicas



ACTIVIDADES E PREZOS DA GRAN CLÍNICA

A continuación, para unha mellor explicación das actividades que se levaban a cabo na Gran Clínica, relaciónanse os prezos dos diferentes servizos.

VISITAS E CONSULTAS	PREZO (Pesetas)
Por unha visita en Lugo a menos dun quilómetro	2,00
Por unha visita en Lugo a menos de 5 quilómetros	4,00
Por unha visita en Lugo a menos de oito quilómetros	5,00
Fóra de Lugo por cada 10 quilómetros ou fracción deles	10,00
Por unha consulta verbal e emitir dicta me sobre o tratamento	2,00
Por unha consulta por escrito	3,00
Por unha consulta en compañía doutro profesor	10,00
Por un recoñecemento de sanidade en compravenda	5,00
Con certificado de sanidade ou para casos xudiciais	10,00
OPERACIÓNS CIRÚRXCAS	
Por unha sangueira, sedal, punción simple dun absceso, descubrir unha cravadura ou unha puntura e volver colocar a mesma ferradura	1,00
Cauterización transcurrente (dar lume) por articulación ou rexión	7,50
Por cada inxección traqueal ou hipodérmica	1,00
Pola castración dun cabalo	20,00
Pola castración dun touro	10,00
Pola castración dun can, verróns ou porca de cría	5,00
Pola castración dunha egua, mula ou vaca	50,00
Pola amputación da cola	3,00
CORTE-HOSPITAL	
Cobrando por día de estancia dunha cabalería	0,50
Por alimentación e coidados	2,00
SOROTERAPIA E VACINACIÓN	
Soro antidifterico, frasco de 10 centímetros cúbicos	5,00
Soro antiestreptocócico, frasco de 10 centímetros cúbicos	5,00
Soro antiestreptocócico polivalente (anasarca do cabalo)	5,00
Soro antitetánico para especie humana, frasco de 10 centímetros cúbicos	5,00
Soro antitetánico para veterinaria, frasco de 10 centímetros cúbicos	5,00
Soro antipestoso, para a especie humana, frasco de 20 centímetros cúbicos	10,0
Dose de maleína para un cabalo (muermo dos cabalos)	1,50
Dose de tuberculina para un cabalo ou res vacuna	1,50
Termómetro sensible para a comprobación da maleína e tuberculina	10,00
Termómetros clínicos para veterinaria	4,00
Vacina contra a nacida do gando, tubo para 10 reses maiores, primeira e segunda inxección	8,00
Por vacinar grupos de gando maior, que non baixen das 20 reses, contra a nacida, por cada res primeira e segunda	2,00
Vacina contra o mal rubio dos porcos, tubo para 10 reses, primeira e segunda inxección	4,00
Por vacinar grupos de gando menor, que non baixen das 20 reses contra a nacida ou o mal rubio, por cada res, primeira e segunda vacina	1,00
Soro para a curación do mal rubio, frasco de 10 centímetros cúbicos	3,00
Vacina contra o cólera das galiñas (tubo de 15 doses)	3,00
Virus Danisz, número 1, contra as ratas	2,00
Virus Danisz, número 2, contra as toupas	3,75
Tubo de linfa-vacina para a varíola da especie humana	1,00
Vial linfa-vacina, para vacinar 25 persoas	10,00
Unha xata vacunífera, con 30 ou máis pústulas	75,00
Virus antivarioloso contra a varíola das ovellas (tubo para 100 reses)	20,00

Xiringa de Roux, de 20 centímetros cúbicos, para soros	25,00
Xiringa de Roux, de 10 centímetros cúbicos, para soros	20,00
Xiringa Pravaz níquel, para vacinar porcos e vacas	9,00
ESTACIÓN PECUARIA DE VILA CÁNDIDA-GOIÁN-PANTÓN-MONFORTE	
Becerra de seis meses Simmenthal-galega de moi boa conformación	800
Por un salto do touro "Petrus" de raza galega variedade teixa, 2º premio do Concurso Provincial de gando vacún e porcino de Lugo	2,00
Por un salto do verrón "Roque" de raza Yorkshire, primeiro premio do Concurso Provincial de gando vacún e porcino	1,00
Por un salto dun verrón celta	1,00
Por un salto dun carneiro merino, variedade Amoeiro	1,00
Porcos celtas seleccionados, de pura raza para reprodutores, a parella ao destete	100
Porcos celtas, de pura raza para o engorde, ao destete, a parella	80
Porcos Yorkshire-celta seleccionados, para reprodutores, a parella ao destete	125
Porcos Yorkshire-celtas, para engorde, ao destete, parella	100
Ovos para incubar, da raza catalana do Prat, a ducia	5
Ovos para incubar, da raza Prat galega, a ducia	4
FERRADO E FORXA	
Ferrado sistema inglés ou francés a lume, dun cabalo ou mulo, á redonda	5,00
Ferrado sistema español, modelo Madrid, un cabalo ou mulo á redonda	4,00
Ferrado sistema español, modelo perfeccionado Madrid, un cabalo ou mulo á redonda	3,00
Ferrado sistema español a frío, modelo perfeccionado país	2,00
Ferrado sistema español a frío, modelo país sinxelo	2,00
Ferrado sistema español, asnal, callo grosa ou delgado	1,50
Ferrado dun boi con ferraduras modelo Santanderino	4,00
Ferrado dun boi con ferraduras do país	3,00
24 ferraduras cabalo ou mular, modelo Madrid	7,50
24 ferraduras cabalo ou mular, modelo perfeccionado Madrid	5,00
24 ferraduras cabalo ou mular, modelo país dobre	6,00
24 ferraduras cabalo ou mular, modelo perfeccionado país	4,50
24 ferraduras cabalo ou mular, modelo país sinxelo	3,50
24 ferraduras asnal, callo grosa ou delgado	2,25
10 ferraduras de boi de 1ª de Santander	25,00
1000 ferraduras de boi de 2ª de Santander	20,00
100 ferraduras de boi de 2ª do país	15,00
Ferraduras especiais para gando mular de carromato, por arroba	9,00
Ferraduras palmitesas, topinas, boca de cántaro, ramplóns, callo elástico, esquerdas ou estebadas, unha	0,75

BIBLIOGRAFÍA

Ruiz Martínez, Carlos. Juan Rof Codina en "Semblanzas Veterinarias". León, 1973.

Fernandez Prieto, Lourenzo. "Estudio preliminar" en J. Rof Codina, "Reformas que se pueden implantar en Galicia para el progreso de la Agricultura", Eds. do Castro. A Coruña, 1985.

Rof Codina, Juan. Boletín de la Gran Clínica Veterinaria. Octubre 1908, Lugo. Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo, Fondo Rof.